

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 18 DE ABRIL DE 2023

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTE:

D.^a Elisa Pestonit Barreiros

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día dezoito de abril do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 11 DE ABRIL DE 2023

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 11 de abril de 2023, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 11 de abril de 2023.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

- Resolución da Axencia de Turismo de Galicia, de 11 de abril de 2023, pola que se modifica a Resolución de 14 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos para actuacións de embelecemento do litoral galego, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TU503G). DOG núm. 72, do 14-04-2023.

- Instrución 2/2023, de 13 de abril, da Xunta Electoral Central, sobre a presentación e xestión electrónica das escusas presentadas polas persoas designadas para integrar as mesas electorais. BOE núm. 92, do 18 de abril de 2023.
- Instrución 3/2023, de 13 de abril, da Xunta Electoral Central, sobre o acceso telemático ás copias do censo electoral polos representantes das candidaturas electorais proclamadas. BOE núm. 92, do 18 de abril de 2023.
- Certificación da Xunta Electoral Provincial da Coruña, de reparto deputados provinciais eleccións locais 2023. BOP núm. 73, do 18 de abril de 2023.

3.- PROPOSTAS

3. 1.- PROPOSTA RELATIVA A DEIXAR SEN EFECTO A DESIGNACIÓN COMO RESPONSABLES DOS CONTRATOS A PROL DO ARQUITECTO, DON JOSÉ RAMÓN DÍAZ BARBEITO E DA ENXEÑEIRA TÉCNICA DE OBRAS PÚBLICAS MUNICIPAL, DONA ELENA BARTOLOMÉ DELANOË, E DESIGNAR COMO RESPONSABLE DE VARIOS CONTRATOS Á ARQUITECTA TÉCNICA, DONA SUSANA BAHAMONDE LÓPEZ

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de abril de 2023 (CVD: bGkuZ6aorGLdiOU63Kyl), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 02 de xuño de 2020 se adjudicou a obra “Proxecto de mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase III”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 da Deputación provincial da Coruña, a prol do licitador “Canarga, S.L.”, no prezo ofertado de 75.867,77 euros sen IVE (91.800,00 IVE incluído). Exp. 2019/C003/000006.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de xuño de 2021 se adjudicou a obra “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, a prol do licitador “OGMIOS PROYECTO, S.L.”, no prezo ofertado de 552.800,00 euros sen IVE (632.588,00 euros IVE incluído). Expte: 2020/C003/000008

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 06 de xullo de 2021 se adjudicou o contrato da “Subministración, instalación e montaxe de sinalización coa nomenclatura das rúas e lugares e indicativos de orientación do Concello de Cambre” Expte: 2020/C005/000010.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 06 de outubro de 2020 se adjudicou a obra “Proxecto básico e de execución, edificio sociocultural na parroquia de Cela, Ig. Pena (Suelo) A Igrexa, Cela. 15660 Cambre, maio 2020”, a prol do licitador “Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.”, no prezo ofertado de 149.033,10 euros sen IVE (180.330,05 euros IVE incluído). Expte: 2020/C003/000001.

Visto que por resolución número 1529/2021 da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 03 de setembro de 2021 se adjudicou o contrato menor para a “Prestación do servizo de

dirección de obra de pavimentación de beirarrúas en rúa Río Mero, Río Miño, e acceso Plaza Amador y Daniel. A Barcala (Fase 2), a Carlota Pilar Robelo Pardo, polo importe de 1.452,00€ (IVE incluído). Expediente: 2021/C002/0000151

Visto que no ditos acordos se designa como responsable dos contratos ao arquitecto don José Ramón Díaz Barbeito, a quen, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de outubro de 2022 se adjudicou a obra "Arranxo e posta en valor do camiño municipal nº 125 (Camiño Inglés), expediente 2022/C003/000007, a prol do licitador MANTIDO SL, con NIF B15819642, no prezo ofertado de 40.062,56 euros sen IVE, 48.475,70 € euros IVE incluído. Expte: 2022/C003/000007.

Visto que no dito acordo se designa como responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë a quen, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Visto que por Resolución da concelleira delegada de Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 67/2023 de data 19 de xaneiro de 2023 acordouse cesar con data 21 de xaneiro de 2023 ao funcionario interino don José Ramón Díaz Barbeito polo transcurso do prazo máximo de catro anos de duración da interinidade por execución de programas de carácter temporal e de duración determinada, de conformidade cos artigos 23.2 c) e 24.2.d) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.

Visto que por Resolución da concelleira delegada de Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos acordouse cesar con data 28 de febreiro 2023 a dona Elena Bartolomé Delanoë de conformidade co establecido na resolución 286/2023 da concelleira delegada de Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de febreiro, que autoriza o desempeño en comisión de servizos do posto de xefe da unidade técnica de infraestruturas, na zona centro en A Coruña da Dirección de Portos de Galicia, desde o 1 de marzo de 2023 e durante o prazo máximo de ano.

Visto a providencia emitida con data de 11 de abril de 2023 (CVD: GNBqobPK7fJErs1pHZrT) polo concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, que di:

"(...) Co fin de poder dar termo a varias obras municipais que están en execución, e por non contar nestes momentos cos técnico municipais que foron designados no seu momento, pola presente

PROPOÑO:

Que polo órgano competente se designe á arquitecta técnica municipal Susana Bahamonde López como técnica encargada do seguimento e firma pertinente de todas as actuacións correspondentes as obras que se citan a continuación:

1.- *"Proxecto de mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase III", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 da Deputación provincial da Coruña (factura final)*

Expediente: 2019/C003/000006: director de obra e responsable do contrato José Ramón Díaz Barbeito

2.- "Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial (factura número 15)

Expediente: 2020/C003/000008: director de obra e responsable do contrato José Ramón Díaz Barbeito

3.- "Subministración, instalación e montaxe de sinalización coa nomenclatura das rúas e lugares e indicativos de orientación do Concello de Cambre"

Expediente: 2020/C005/000010: responsable del contrato José Ramón Díaz Barbeito.

4.- "Proxecto básico e de execución, edificio sociocultural na parroquia de Cela, Ig. Pena (Suelo) A Igrexa, Cela. 15660 Cambre, maio 2020" (factura final)

Expediente: 2020/C003/000001: director de obra David Sarmiento Nogueira e responsable do contrato José Ramón Díaz Barbeito.

5.- "Prestación do servizo de dirección de obra de pavimentación de beirarrúas en rúa Río Mero, Río Miño, e acceso Plaza Amador y Daniel. A Barcala (Fase 2).

Expediente: 2021/C002/000151- responsable del contrato a José Ramón Díaz Barbeito.

6.- "Arranxo e posta en valor do camiño municipal nº 125 (Camiño Inglés)".

Expediente: 2022/C003/000007: directora de obra e responsable do contrato: Elena Bartolomé Delanoë.

(...)

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Deixar sen efecto a designación como responsables dos contrato relacionados na parte expositiva deste acordo a prol do arquitecto, don José Ramón Díaz Barebeito e da enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, e designar como responsable dos contratos que se relacionan a continuación, a arquitecta técnica, dona Susana Bahamonde López:

1.- "Proxecto de mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase III", (Expediente: 2019/C003/000006)

2.- "Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020", (Expediente: 2020/C003/000008)

3.- "Subministración, instalación e montaxe de sinalización coa nomenclatura das rúas e lugares e indicativos de orientación do Concello de Cambre" (Expediente: 2020/C005/000010)

4.- "Proxecto básico e de execución, edificio sociocultural na parroquia de Cela, Ig. Pena (Suelo) A Igrexa, Cela. 15660 Cambre, maio 2020". (Expediente: 2020/C003/000001)

5.- "Prestación do servizo de dirección de obra de pavimentación de beirarrúas en rúa Río Mero, Río Miño, e acceso Plaza Amador y Daniel. A Barcala (Fase 2). (Expediente: 2021/C002/000151)

6.- "Arranxo e posta en valor do camiño municipal nº 125 (Camiño Inglés)". (Expediente: 2022/C003/00007).

Segundo: Notificar o presente acordo aos adxudicatarios dos contratos, e dar traslado á responsable dos contratos, relacionados na parte expositiva, dona Susana Bahamonde López, para a súa constancia e para os efectos oportunos."

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de abril de 2023 (CVD: bGkuZ6aorGLdiOU63Kyl), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.2.- PROPOSTA RELATIVA Á DESIGNACIÓN DA DIRECCIÓN DE OBRA DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DO "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE MELLORA DE ACCESIBILIDADE EN LENDOIRO. A BARCALA. FASE 1". EXPEDIENTE 2021/C003/000013

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de abril de 2023 (CVD: yZZcTmSk8fhe1/dOIHPT), que transcrita di:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de marzo de 2022 adxudicouse a obra do "Proxecto básico e de execución de Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Fase 1" a prol do licitador "Excavaciones Santiños, SL" no prezo total ofertado de 44.905,00 euros sen IVE, 54.335,05 euros IVE incluído.

Visto que no dito acordo, designouse como responsable do contrato e director da obra ao arquitecto, don José Ramón Díaz Barbeito.

Visto que por Resolución da concelleira delegada de Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 67/2023 de data 19 de xaneiro de 2023 acordouse cesar con data 21 de xaneiro de 2023 ao funcionario interino, don José Ramón Díaz Barbeito polo transcurso do prazo máximo de catro anos de duración da interinidade por execución de programas de carácter temporal e de duración determinada, de conformidade cos artigos 23.2 c) e 24.2.d) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria do día dous de novembro de dous mil vinte e dous, adoptou entre outros, o acordo de deixar sen efecto a designación como director da obra denominada "Proxecto básico e de execución de Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Fase1", efectuada en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada con data 02 de marzo de 2022, a prol do arquitecto don José Ramón Díaz Barbeito, e designar como directora de obra a dona Elena Bartolomé Delanoé, enxeñeira técnica de obras públicas do Concello de Cambre.

Visto que por Resolución da concelleira delegada de Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos acordouse cesar con data 28 de febreiro 2023 a dona Elena Bartolomé Delanoë de conformidade co establecido na resolución 286/2023 da concelleira delegada de Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de febreiro, que autoriza o desempeño en comisión de servizos do posto de xefe da unidade técnica de

infraestructuras, na zona centro en A Coruña da Dirección de Portos de Galicia, desde o 1 de marzo de 2023 e durante o prazo máximo de ano.

Vista a providencia emitida con data de 10 de abril de 2023 (CVD: RXFmZf8+IEU34a5V0HpA) polo concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, que di:

" (...) Logo de ver que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria do día dous de novembro de dous mil vinte e dous, adoptou entre outros, o acordo de deixar sen efecto a designación como director da obra denominada "Proxecto básico e de execución de Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Fase1", efectuada en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada con data 2.3.2022, a prol do arquitecto don José Ramón Díaz Barbeito, e designar como directora de obra a dona Elena Bartolomé Delanoé, enxeñeira técnica de obras públicas do Concello de Cambre..

Logo de ver que a enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoé, cesou o día 28 de febreiro de 2023.

Tendo en conta que este concello ten suscrito o contrato administrativo para a execución do "Servizo de redacción de proxectos e direccións de obras da área de urbanismo e obras do Concello de Cambre, mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación, adxudicado a CONSULTORA DE INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y ARQUITECTURA, S.L." (CIMARQ) (expediente 2021/C004/000004).

Tendo en conta que segundo comunicación da empresa CIMARQ, a persoa que realizaría as tarefas de director da obra denominada "Proxecto básico e de execución de Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Fase1", sería don Álvaro Vázquez Herrero, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado nº 12.885,

Logo de ver o informe emitido pola arquitecta técnica dona Susana Bahamonde López de data 10 de abril de 2023 (CVD: QFuKQAPC6Haujlf1ASTw)

*Por todo o exposto, realízase a seguinte **PROPOSTA**:*

***Primeiro:** Cambiar a designación de director de obra da actuación denominada "Proxecto básico e de execución de Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Fase1", a favor de "Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L. (CIMARQ)", e en concreto de don Álvaro Vázquez Herrero, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado nº 12.885, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.(...)"*

Visto que con data do 12.04.2023 emitíuse informe polo xefe da área de urbanismo e réxime interior (CVD: wN55cVupjgc1VS/J7/Tt) no que indica:

"Na actualidade a escaseza de recursos humanos existentes nesta Area de Urbanismo, a cal vese agudizada polo recente cese do arquitecto interino, faise que sexa necesario e pertinente acudir á contratación externa da dirección técnica da obra denominada "Proxecto básico e de execución de Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Fase 1".

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Deixar sen efecto a designación como directora da obra denominada “Proxecto básico e de execución de Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Fase 1”, efectuada a prol da dona Elena Bartolomé Delanõe e designar como directora da dita obra a Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L. (CIMARQ)”, e en concreto de don Álvaro Vázquez Herrero, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado nº 12.885, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Segundo: Notificar o presente acordo ao adxudicatario do contrato, ás entidades adxudicatarias da coordinación da seguridade e saúde da obra e do control de calidade, así como a directora da obra, a entidade Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L. (CIMARQ)”, e en concreto a don Álvaro Vázquez Herrero, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado nº 12.885, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de abril de 2023 (CVD: yZZcTmSk8fhe1/dOIHPT), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 5 de abril ao 13 de abril de 2023, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 603/2023 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 658/2023, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
603/2023	04-04-2023	Aprobación de facturas e certificacións (num. 1 a 13) da obra LOTE 3 O Temple "mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, polígono do Espiritu Santo e O Temple, mediante implementación de solucións led" por importe de 441.815,95 euros
604/2023	05-04-2023	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor núm. 2023/C002/000013 cuxo obxecto é a fabricación e montaxe de 11 unidades “Casita de libros”. Adxudicar o contrato menor a Carpintería Morgasan S.L., co NIF B36819092, por importe de 5190,00 € (IVE excluído); 6279,90 € (IVE incluído)
605/2023	05-04-2023	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en doce mesas: oito con catro cadeiras cada unha e catro mesas dobres durante o ano 2023 fronte ao café-bar situado na rúa Río Valiña, Cambre, condicionado a que a terraza se instale fronte ás fachadas do establecemento que dan á rúa Río Valiña e á Praza 1º de Maio, sen exceder o fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para permitir o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: MPE
606/2023	05-04-2023	Ordenar aos herdeiros de MMS que retiren os materiais residuais existentes na parcela sita no lugar do Espiritu Santo, parroquia de Cecebre, segundo o disposto nos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
607/2023	05-04-2023	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a ÓCG e



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		MdelPVM, co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente das obras realizadas na parcela sita en Eira de Arriba, Cambre consistentes na nivelación do terreo na parte traseira da súa vivenda, sen título habilitante, de conformidade polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
608/2023	05-04-2023	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística MFD e MLGD co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente das obras realizadas na parcela sita en Eira de Arriba, Cambre, sen o preceptivo título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
609/2023	05-04-2023	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en seis mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2023 fronte á cafetería situada na rúa Tapia, O Temple, Cambre, condicionado a que a terraza se instale sen exceder o fronte do establecemento, deixando libre na beirarrúa un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida e sen obstaculizar o acceso ao paso de peóns situado fronte ao local. Solicitante: EA, S.C.
610/2023	05-04-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 11 de abril de 2023
611/2023	10-04-2023	Aprobar o proxecto corrixido denominado "Proxecto técnico para pavimentación de beirarrúas en rúa Río Gándara de A Barcala", trala súa corrección de marzo de 2023, redactada por dona Carlota Robelo Pardo, e asinado electronicamente o 17 de marzo de 2023, conformado pola arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López o día 10 de abril de 2023
612/2023	10-04-2023	Aprobación de certificación de obra num.12 e recoñecemento de obrigas correspondentes a factura por importe total de 34.042,78 euros (proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo no lugar de Pousadoira) POS + 2019
613/2023	10-04-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a factura e aprobación de certificación num 1 Reordenación da rúa María Mariño - Obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, por importe de 28.328,39 euros
614/2023	10-04-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas e aprobación de certificacións da obra (1ª a 13ª) mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións led. Lote 4" por importe total de 242.007,48 euros
615/2023	10-04-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
616/2023	10-04-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
617/2023	10-04-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro porque non constitúe unha situación axeitada ou non resolve de forma significativa a necesidade formulada. Solicitante: MPNF



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

618/2023	10-04-2023	Aprobar a incorporación de remanente de crédito do exercicio 2022 número 10/2023 por importe de 104.223,51 euros nas aplicacións e proxectos recollidos no antedito cadro, financiada en 60.000,00 euros con compromiso de ingreso e en 44.223,51 euros con remanente de tesourería para gastos xerais
619/2023	10-04-2023	Desistencia a axuda de emerxencia social para alimentación de DMV por non achegar a documentación requirida no prazo establecido
620/2023	10-04-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MBV
621/2023	11-04-2023	Recoñecer a desistencia da petición da axuda para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 14/02/2023, a TAG, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido
622/2023	11-04-2023	Recoñecer a desistencia da petición da axuda para recibo de alugueiro establecida no artigo 7 da Ordenanza reguladora solicitada con data 19/01/2023, a GT, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido
623/2023	11-04-2023	Determinación de emprazamentos para colocación gratuíta de carteis e colocación de pancartas e bandeirolas durante o proceso electoral convocado mediante Real decreto 207/2023, do 4 de abril
624/2023	11-04-2023	Conceder a licenza para rehabilitar o pazo de Aián sita no lugar de Aián, parroquia de Sigrás, en solo cualificado como suelo urbano de finca protexida, de conformidade co proxecto técnico da arquitecta Elsa Urquijo Gómez con visado nº 2205877.2 de data 26 de outubro de 2022 e condicionada ao cumprimento dos requisitos establecidos pola resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de data 07 de febreiro de 2023 e polo acordo da Axencia Estatal de Seguridade Aerea do Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana de data 01 de febreiro de 2023 que se xuntan á notificación da presente resolución. Solicitante: AR, S.C.
625/2023	11-04-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 6.134,70 euros
626/2023	11-04-2023	Recoñecer e liquidar obrigas por un importe total de 825,00 €, en concepto de premios do XXI Torneo de xadrez "Agosto en Cambre" 2022,
627/2023	11-04-2023	Dar de baixa no Rexistro Municipal de Unións non matrimoniais de don Diego Vilar Loureiro. Inscripción 438.01/2023
628/2023	11-04-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MLSS
629/2023	11-04-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SS
630/2023	11-04-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: BRL
631/2023	11-04-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para alimentación. por non



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		estar debidamente acreditada a situación de necesidade. Solicitante: JAMV
632/2023	11-04-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: RT
633/2023	11-04-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para alimentación porque o saldo medio de aforro bancario supera o máximo establecido pola ordenanza. Solicitante: SECU
634/2023	11-04-2023	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por Juan Carlos Brea Rodríguez, en representación de PM SL, para realizar diversas tallas de diferentes especies arbóreas nas fincas sitas na Fraga de Cecebre, toda vez que ditas fincas están recollidas na ficha 87 do Catálogo das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre onde se reflicte que é un recinto de especial protección polos seus valores paisaxísticos, históricos e culturais e non se permite tallar nin podar árbores, abrir camiños nin realizar ningún tipo de obras. Por todo isto procede declarar a ineficacia da comunicación previa efectuada, o que impide o exercicio do dereito afectado de conformidade co establecido no artigo 29.3 d) da referida Ordenanza municipal
635/2023	11-04-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
636/2023	11-04-2023	Aprobar, con efectos do 3 de abril de 2023, a relación de solicitudes admitidas dos participantes do programa "Obradoiros de Semana Santa 2023" s
637/2023	11-04-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: JRLB
638/2023	11-04-2023	Alta Ida Celec Mde J
639/2023	11-04-2023	Aprobar a incorporación de remanente de crédito do exercicio 2022 número 11/2023 por importe de 29.488,27 euros nas aplicacións e proxectos recollidos no antedito cadro, financiada na súa totalidade con remanente de tesourería para gastos xerais.
640/2023	11-04-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
641/2023	11-04-2023	Determinar os locais oficiais que se reservan para a realización gratuíta de actos de campaña electoral
642/2023	12-04-2023	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en dezasete mesas; seis con cinco cadeiras, cinco con catro cadeiras e seis con dúas cadeiras durante o ano 2023 fronte ao mesón situado no Paseo dos Templarios, parroquia do Temple, condicionado a que a terraza se instale fronte ao local, na beirarrúa e no andén do Paseo Marítimo, deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: DCN
643/2023	12-04-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MLGM
644/2023	12-04-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 23.287,50 euros
645/2023	12-04-2023	Aprobar a realización da actividade "Campamento urbano de verán 2023" e as súas condicións de desenvolvemento

646/2023	12-04-2023	Aprobar o proxecto denominado "Proyecto técnico para pavimentación de aceras de la manzana M-3 de A Barcala (fase 2)" asinado pola arquitecta Carlota Robelo Pardo con data do 17.03.2023 ás 15:13:45 horas.
647/2023	12-04-2023	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de marzo de 2023 e de profesionais e alugueres do primeiro trimestre de 2023 e o seu pagamento por importe de 69.947,04 euros
648/2023	12-04-2023	Devolución de ingresos indebidos por importe de 16.468,49 euros en concepto de reintegro parcial da subvención aboada de forma anticipada pola Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento BS700A), unha vez notificada por esta a redución da subvención a un importe de 6.270,38 euros
649/2023	12-04-2023	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a RAC por un importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, ata lograr a execución do ordenado na resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 2 de febreiro de 2023, pola que se lle ordenou que procedese á poda das polas que sobresaen ao camiño público nº 136 desde a parcela sita A Rocha, Anceis, ao terse constatado o seu incumprimento parcial, todo isto de conformidade co disposto polo apartado 4 do artigo 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
650/2023	12-04-2023	Deixar sen efecto a Resolución desta alcaldía núm. 611/2023, de 10 de abril, ao non constar a sinatura da secretaria xeral por remitirse o documento a un circuito de firma erróneo. Aprobar o "Proyecto técnico para pavimentación de aceras en C/Río Gándara de A Barcala" asinado pola arquitecta Carlota Robelo Pardo con data do 17.03.2023 ás 15:09:44 horas
651/2023	12-04-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 10/04/2023 e núm. de rexistro de entrada 202300300000198, segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: TAMP
652/2023	13-04-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: YDCG
653/2023	12-04-2023	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 8/2023 por un importe de 777.911,13 euros
654/2023	13-04-2023	Iniciar expediente de orde de execución a A, S.A., co fin de que procedan ao peche dos accesos á parcela, habida conta da situación de inseguridade na que se atopa a edificación sita en Amil, Cambre, de acordo co disposto polos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a

		conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles, correspondendo ao concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
655/2023	13-04-2023	Iniciar expediente de orde de execución a CH, SL, co fin de que procedan ao peche dos accesos á parcela, habida conta da situación de inseguridade na que se atopa a edificación sita en Amil, Cambre, de acordo co disposto polos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles, correspondendo ao concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
656/2023	13-04-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da intervención municipal por importe total de 43.653,32 euros
657/2023	13-04-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 67.598,11 euros
658/2023	13-04-2023	Aprobar a liquidación do Imposto sobre o valor engadido do primeiro trimestre do ano 2023, saldando o importe das cotas de IVE repercutido por 38.334,34 euros, e o das cotas do IVE soportado por 32.371,34 euros, do que resulta un saldo acreedor por IVE a favor da Facenda Pública do Estado de 5.963,00 euros

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local o seguinte asunto:

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/c004/000015 para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, do servizo de "asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra de reposición do céspede sintético do campo de fútbol municipal de Lendoiro e mellora de iluminación nos campos de Lendoiro e Dani Mallo, así como para o levantamento topográfico e análise da actual base do campo de fútbol".

A Sra. Pan Lesta intervéen e manifesta que xustifica a urxencia do asunto vén motivada pola necesidade de acelerar a tramitación do expediente dado o mal estado no que se atopa o campo de fútbol.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto anteriormente citado, e é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

ÚNICO.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚM. 2022/C004/000015 PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA, DO SERVIZO DE "ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN E DIRECCIÓN DE OBRA DE REPOSICIÓN DO CÉSPEDE SINTÉTICO DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE LENDOIRO

E MELLORA DE ILUMINACIÓN NOS CAMPOS DE LENDOIRO E DANI MALLO, ASÍ COMO PARA O LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO E ANÁLISE DA ACTUAL BASE DO CAMPO DE FÚTBOL".

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de abril de 2023 (CVD: 6AL0sA98dP4cdL8uNsv9), que transcrita di:

"PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Vista a memoria xustificativa de necesidade e da insuficiencia de medios que consta no expediente, asinada polo arquitecto, José Ramón Díaz Barbeito, con data do 17.06.2022 (CVD: NcTD8GbvOrzniZ2uVSBa).

Visto o prego de prescricións técnicas que consta no expediente, asinado pola arquitecta técnica, Susana Bahamonde López, con data do 17.03.2023 (CVD: rQ/pTPdWt2IUX+XpDuTN).

Visto que consta no expediente documento de retención de crédito con cargo á aplicación orzamentaria 342 61900 por importe de 44.595,70 euros.

Visto o prego de cláusulas administrativas que constan no expediente (CVD: VOH/9II1InjK6NpNPSdD).

Visto o informe desfavorable emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral, con data do 17.04.2023 (CVD: 4SI0MQH6pIHRT2oK9lrH), que di:

"(...)

Sexta.- Prego de cláusulas administrativas particulares

O artigo 67 do RXLCAP establece o contido mínimo dos pregos de cláusulas administrativas particulares. Consta no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: VOH/9II1InjK6NpNPSdD), en relación ao que se formulan as seguintes observacións:

6.1.- No punto 4 do PCAP motívase a non división en lotes do obxecto do contrato. A este respecto, reitérome no exposto no informe emitido con data do 02.12.2023 (CVD: IIWJro3dtULJou6HE1HD) xa que non considero suficientemente xustificada a non división en lotes do levantamento topográfico.

6.2.- Na cláusula 12 do PCAP establécense como criterios de adxudicación de apreciación automática o prezo e a experiencia do equipo técnico mínimo redactor. Respecto da experiencia do equipo técnico, díse:

"Se valorará, para cualquiera de los componentes del equipo mínimo, del presente contrato (1 Arquitecto ó 1 Ingeniero de caminos, canales y puertos y 1 Ingeniero Industrial), a mayores de los dos (2) trabajos exigidos a cada profesional como experiencia mínima:

Puntuación específica: (Entre 0 y 20 puntos)

B.2.1. Arquitecto o Ingeniero de caminos, canales y puestos (máximo 14 puntos)

Realización de proyectos de campos de fútbol de dimensiones reglamentarias (máximo 8 puntos)

1,00 puntos por proyecto

Dirección de obra de campos de fútbol de dimensiones reglamentaria (máximo 6 puntos)

1,00 puntos por proyecto

B.2.2. Ingeniero Industrial (máximo 6 puntos)

Realización de proyectos de iluminación de campos de fútbol de dimensiones reglamentarias (máximo 4 puntos)

1,00 puntos por proyecto

Dirección de obra de instalaciones de iluminación de campos de fútbol de dimensiones reglamentarias (máximo 2 puntos)

1,00 puntos por proyecto”

No modelo de proposición que consta no anexo III engádesse que a experiencia indicada na oferta acreditarse mediante “certificados expedidos o visados por el órgano competente, cuando el destinatario sea una entidad del sector público; cuando el destinatario sea un sujeto privado, mediante un certificado expedido por este o, a falta de este certificado, mediante una declaración del empresario acompañado de los documentos obrantes en poder del mismo que acrediten la realización de la prestación; en su caso”.

A avaliación deste criterio esixe en estudo da documentación aportada para determinar se os proxectos se executaron a satisfacción do destinatario polo que difícilmente pode atribuírselle o carácter de criterio de apreciación automática mediante fórmula, e isto sen ter en conta que tampouco se define que debe entenderse por “medidas regulamentarias” do campo de fútbol.

En definitiva, non nos atopamos ante un criterio de apreciación automática polo que non procede a aplicación do procedemento simplificado abreviado xa que o artigo 159.6.c) da LCSP esixe para a aplicación deste procedemento que “La oferta se entregará en un único sobre o archivo electrónico y se evaluará, en todo caso, con arreglo a criterios de adjudicación cuantificables mediante la mera aplicación de fórmulas establecidas en los pliegos”.

6.3.- Respecto dos requisitos adicionais de solvencia relativos á adscripción de personal mínimo, a cláusula 10.3 do PCAP establece:

“El adjudicatario adscribirá a la ejecución de este servicio personal capacitado para la ejecución del contrato en un número igual o superior a los siguientes profesionales, que se adscriben al equipo con el carácter de técnicos y personal auxiliar mínimo según se relaciona a continuación:

El personal del equipo mínimo a adscribir a los trabajos será:

- 1 Arquitecto ó Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos*
- 1 Ingeniero Industrial • 1 Delineante proyectista*
- 1 Arquitecto o Ingeniero de caminos, canales y puertos, menor de 35 años, para apoyo y refuerzo en la fase de redacción de proyectos*

El Arquitecto ó Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos contará con la siguiente experiencia mínima:

- Realización de DOS proyectos de campos de fútbol de dimensiones reglamentarias.*
- Dirección de DOS obras de campos de fútbol de dimensiones reglamentaria.*

El Ingeniero Industrial contará con la siguiente experiencia mínima:

- Realización de DOS proyectos de iluminación de campos de fútbol de dimensiones reglamentarias”*

A este respecto, no informe emitido pola técnica que subscribe con data do 02.12.2022 (CVD: I1WJro3dtULJou6HE1HD) sinalouse que:

"(...) En todo caso, debe terse en conta que a solvencia debe ser proporcional e, en todo caso, debe xustificarse. Sirva de exemplo a Resolución 122/2020, do 21 de maio, do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Junta de Andalucía: "non hai que esquecer que, aínda que o órgano de contratación ha de procurar a adecuada execución do contrato a través de adxudicatarios solventes, debe coidar que a solvencia establecida non sexa máis da necesaria para alcanzar ese obxectivo, e iso a fin de preservar os principios de libre concorrència e de igualdade que non deben sufrir diminución sen a oportuna e adecuada xustificación.

En tal sentido, o artigo 74.2 da LCSP refírese á proporcionalidade dos criterios de solvencia ao dispoñer que "Os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o empresario e a documentación requirida para acreditar os mesmos indicaranse no anuncio de licitación e especificaranse no prego do contrato, debendo estar vinculados ao seu obxecto e ser proporcionais ao mesmo" e é doutrina reiterada deste Tribunal (v.g. Resolución 205/2015, do 10 de xuño) que "na elección dos requisitos de solvencia hanse de conciliar os principios de liberdade de acceso ás licitacións e de non discriminación, coa necesidade de garantir a boa marcha do contrato a través de adxudicatarios solventes. É por iso, que o criterio de solvencia escollido polo órgano de contratación ha de estar vinculado ao obxecto e contía do contrato e ser razoablemente necesario para alcanzar o bo fin deste, sen que tampouco poida confundirse a discriminación co feito de que non todo licitador poida alcanzar o nivel de solvencia esixido".

A xuízo da técnica que subscribe, non se xustifica a proporcionalidade da solvencia esixida".

A funcionaria que subscribe reitérase a ratifícase no sinalado no citado informe, polo que, ao seu criterio, non se axusta á legalidade a esixencia dos medios persoais requiridos como solvencia adicional xa que, atendida a contía e natureza do contrato non se considera proporcional, polo que se limita a concorrència.

A proporcionalidade ven dada pola relación directa entre o que se esixe como requisitos de adscrición de medios na execución do contrato e a complexidade técnica do mesmo, así como a súa dimensión económica, de xeito que non resulten discriminatorios polo feito de ser tan esixentes que "de facto" solo determinadas empresas poidan cumprir cos ditos requisitos. E no suposto que se examina, como se indicou, non se consideran proporcionais os medios persoais mínimos requiridos, co que, ademáis, se limita a concorrència.

A maior abundamento, verbo da esixencia dun arquitecto o Ingeniero de caminos, canales y puertos, menor de 35 anos, para apoio y refuerzo en la fase de redacción de proyectos, no informe emitido pola arquitecta técnica con data do 17.03.2023, xustifícase a súa esixencia indicando que "La inclusión de personal de apoio que tenga menos de 35 anos hay que enmarcarlo como una cláusula de criterio social en cuanto a que se trata de facilitar la incorporación al mercado de trabajo de jóvenes de reciente titulación, que se considera, como grupo vulnerable". A este respecto, cómpre sinalar que a normativa de aplicación tampouco permite o establecemento de condicións especiais de execución que poidan resultar discriminatorias e, en todo caso, deben estar vinculada ao obxecto do contrato. Así o establece o artigo 202 da LCSP: "Los órganos de contratación podrán establecer condiciones especiales en relación con la ejecución del contrato, siempre que estén vinculadas al objeto del contrato, en el sentido del artículo 145, no sean directa o indirectamente discriminatorias, sean compatibles con el Derecho de la Unión Europea y se indiquen en el anuncio de licitación y en los pliegos (...).

En definitiva, aínda que non corresponde á técnica que subscribe pronunciarse verbo de cuestións técnicas, si procede analizar se a esixencia da solvencia adicional esixida na cláusula 10.3 (adscripción de medios personais) se atopa suficientemente motivada e resulta proporcionada. Sobre este particular, como xa se indicou, atendendo á dimensión económica do contrato analizado, por sí mesmo, non xustifica a esixencia da dita solvencia adicional, entendéndose que non se atopa suficientemente xustificada tal esixencia dende o punto de vista técnico.

É dicir, non se xustifica porque a natureza do servizo require técnicamente dos medios personais descritos na citada cláusula 10.3 (chama especialmente a atención a esixencia dun arquitecto o Ingeniero de caminos, canales y puertos, menor de 35 años), polo que ao non estar motivada a dita solvencia adicional considérase que tal requisito non resulta proporcionado.

Neste mesmo senso pronunciouse o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, na súa Resolución núm. 251/2021, de 12 de marzo:

(...) No tiene este Tribunal el conocimiento técnico ni la competencia para discutir el criterio técnico del órgano de contratación, sino que debe comprobar que en el establecimiento de las condiciones o medios exigidos se haya seguido un procedimiento legalmente establecido, motivado según las circunstancias del caso concreto y respetando los principios generales que inspiran la contratación administrativa. (...)”

6.4.- Na cláusula 16.3 determínase que “Las ofertas estarán comprendidas entre el importe máximo de adjudicación (44.595,70 €, IVA incluido) y el considerado como importe mínimo (26.757,42 €, IVA incluido), a partir del cual se considera que los trabajos a contratar no tendrán la dedicación necesaria y por lo tanto la prestación no se considera que pueda realizarse con la debida calidad técnica para satisfacer las necesidades de la administración”.

